

# **REPORTEIRO/A GRÁFICO/A GALEGO**



1.- Indica en que artigo da Constitución Española de 1978 se regula que "*todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes*":

- a) 10.
- b) 15.
- c) 14.
- d) 20.

2.- Segundo o artigo 16 da Constitución Española de 1978:

- a) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- b) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía nin relixión pero si sobre as súas crenzas.
- c) Calquera poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- d) Calquera poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía pero non sobre a súa relixión ou crenzas.

3.- Segundo o artigo 19 da Constitución Española do 1978 os españois teñen dereito a entrar e saír libremente de España:

- a) Salvo que este dereito se limite por motivos políticos
- b) Salvo que este dereito se limite por motivos ideolóxicos.
- c) Salvo que este dereito se limite por motivos políticos ou ideolóxicos.
- d) Este dereito no poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

4.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia corresponde á Comunidade Autónoma a organización das súas institucións de autogoberno. Indica de que tipo de competencia se trata:

- a) Compartida.
- b) Exclusiva.
- c) Específica.
- d) Complementaria.

5.- Segundo o artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución de:

- a) Unha Biblioteca de Galicia e os seus fondos documentais.
- b) A xestión dun Arquivo de Galicia.
- c) Unha Consellería de Cultura e a Real Academia Galega.
- d) O réxime de prensa e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

6.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, como se denomina á persoa física ou xurídica que ten a responsabilidade editorial sobre a selección dos programas e contidos audiovisuais do servizo de comunicación audiovisual e determina a maneira na que se organiza o dito contido:

- a) Facilitador de contidos.
- b) Prestador do servizo de comunicación audiovisual.
- c) Editor do servizo.
- d) Comunicador.

7.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, en relación coas persoas con discapacidade sinalar a resposta incorrecta:

- a) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe axustada das persoas con discapacidade.
- b) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe respectuosa das persoas con discapacidade.
- c) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe inclusiva das persoas con discapacidade.
- d) A comunicación audiovisual favorecerá unha imaxe estereotipada das persoas con discapacidade.

8.- Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de Galicia, a emisión do servizo público da Corporación RTVG comprende o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) E poderá estenderse a cobertura ao territorio de calquera outra comunidade autónoma.
- b) E poderá estenderse a cobertura ao territorio dunha comunidade autónoma limítrofe e con afinidades culturais e lingüísticas.
- c) E non poderá estenderse ao territorio de ningunha outra comunidade autónoma.
- d) E poderá estenderse ao conxunto do territorio nacional.

9.- Segundo o establecido no artigo 12 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de Galicia, son órganos da Corporación RTVG os seguintes:

- a) O Consello de Administración e a Directora ou Director Xeral.
- b) A Xunta de Accionistas e a Directora ou Director Xeral.
- c) A Xerencia e o Consello de Dirección.
- d) O Consello de Accionistas e a Xerencia.

10.- Segundo o establecido no artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as cal das seguintes NON é unha relación laboral de carácter especial:

- a) Servizo do fogar familiar.
- b) Deportistas profesionais.
- c) Traballadores/as con discapacidade que prestan os seus servizos en centros especiais de emprego.
- d) Persoal docente en centros de ensino.

11.- Segundo o establecido no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as:

- a) Non poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador.
- b) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador en todo caso.
- c) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador cando sexan necesarios para a protección do patrimonio empresarial.
- d) Poden realizarse rexistros sobre a persoa do traballador fóra das horas de traballo.

12.- Segundo o establecido no artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores/as o contrato do traballo extinguirase:

- a) Por mutuo acordo das partes.
- b) Por xubilación da persoa traballadora.
- c) Por despedimento da persoa traballadora.
- d) Todas as anteriores son causas de extinción do contrato de traballo.

13.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as disposicións da dita lei:

- a) Non poden ser melloradas nin desenvolvidas nos convenios colectivos.
- b) Poden ser melloradas e desenvolvidas nos convenios colectivos.
- c) Poden non ser aplicadas na súa totalidade se así o recollen os convenios colectivos.
- d) Poden aplicarse de xeito parcial se así o recollen os convenios colectivos.

14.- Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a que termo corresponde a seguinte definición "Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo":

- a) Condición de traballo.
- b) Proceso de traballo.
- c) Equipo de traballo.
- d) Cadea produtiva.

15.- Segundo o establecido no artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo:

- a) Recae por metades na empresa e a persoa traballadora.
- b) Recae na súa totalidade na persoa traballadora.
- c) Non deberán recaer en modo algún sobre as persoas traballadoras.
- d) Recae entre a empresa e a persoa traballadora na proporción que se estableza no convenio colectivo.

16.- O artigo 1 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) exclúe do seu ámbito de aplicación:

- a) Ao persoal que ten asinado un contrato de relevo.
- b) Ao persoal na situación de xubilación parcial.
- c) Ao persoal na situación de baixa por maternidade.
- d) Ao persoal que ten asinado un contrato artístico.

17.- O artigo 35 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) considera período nocturno:

- a) O comprendido entre as 22:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- b) O comprendido entre as 21:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- c) O comprendido entre as 20:00 e as 07:00 horas do día seguinte.
- d) O comprendido entre as 20:30 e as 07:00 horas do día seguinte.

18.- Cantos niveis económicos establece o artigo 51 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015):

- a) Dez.
- b) Nove.
- c) Oito.
- d) Sete.

19.- O artigo 92 do Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº167 do 2 de setembro do 2015) establece o despedimento como sanción para o caso da comisión de faltas:

- a) Moi graves.
- b) Graves.
- c) Leves.
- d) Para calquera tipo de falta.

20.- Segundo o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas en relación coas remuneracións, sinala a resposta correcta:

- a) Non se poderá percibir máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas

que dependan deles, ou con cargo aos dos órganos constitucionais, salvo nos supostos previstos nesta lei.

b) Pódense percibir cantas remuneracións sexan precisas, sen limitación algunha.

c) Esta lei non regula a percepción de remuneracións.

d) Pódense percibir remuneracións ata un límite de 3.000 euros mensuais.

21.- Segundo o artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, a que colectivo NON lle é de aplicación a dita lei:

a) Persoal civil e militar ao Servizo da Administración do Estado.

b) Persoal ao servizo das administracións da Comunidades Autónomas.

c) Persoal ao servizo das Corporacións Locais.

d) Persoal ao servizo das Institucións Internacionais.

22.- Segundo o artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas indica a cantos consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas se pode pertencer por norma xeral:

a) 4

b) 5

c) 3

d) 2

23.- O artigo 2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais establece:

a) Que non lle será de aplicación aos tratamentos sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas.

b) Que non lle será de aplicación aos tratamentos que deriven de actividades culturais.

c) Que non lle será de aplicación aos tratamentos que deriven de actividades deportivas.

d) Que non lle será de aplicación aos tratamentos sometidos á normativa sobre espectáculos públicos.

24.- O artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais establece que o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderán fundarse no seu consentimento cando sexa:

a) Maior de once anos.

b) Maior de doce anos.

c) Maior de trece anos.

d) Maior de catorce anos.

25.- Segundo o artigo 12 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, como norma xeral as actuacións levadas a cabo polo responsable do tratamento para atender as solicitudes de exercicio dos dereitos serán:

- a) Onerosas.
- b) Aboadas na súa integridade pola persoa solicitante.
- c) Gratuítas.
- d) Aboadas na súa integridade pola Axencia de Protección de Datos.

26.- Segundo o artigo 81 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- a) O acceso a Internet atenderá á realidade específica das contornas urbanas.
- b) O acceso a Internet pode limitarse á poboación que teña maior capacidade económica.
- c) O acceso a Internet procurará a superación da fenda de xénero no ámbito persoal e laboral.
- d) O acceso a Internet procurará a superación da fenda xeracional mediante accións dirixidas á poboación máis nova.

27.- Segundo o establecido no artigo 1 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia esta lei ten por obxecto:

- a) Integrar transversalmente a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das políticas públicas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.
- b) Considerar especificamente as singularidades das mulleres rurais e do mar e regular ao efecto o seu estatuto e o Observatorio da Muller Rural e do Mar.
- c) Regular os órganos competentes en materia de igualdade no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.
- d) Todos os anteriores son obxecto da Lei.

28.- Segundo o establecido no artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia a situación na que se atopa unha persoa que sexa, tivera sido ou puidese ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable considérase:

- a) Discriminación indirecta.
- b) Discriminación directa.
- c) Acoso por razón de sexo.
- d) Acoso sexual.



29.- Segundo o establecido no artigo 60 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, a administración autonómica fomentará o debate electoral sobre cuestións de xénero, a través dun incremento do tempo gratuíto de propaganda electoral dun:

- a) Cinco por cento.
- b) Oito por cento.
- c) Dez por cento.
- d) Vinte por cento.

30.- Segundo o establecido no artigo 167 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia elaborárase unha declaración de principios de tolerancia cero en materia de acoso sexual e de acoso por razón de sexo na que constará:

- a) A definición do acoso sexual a través de exemplos complicados e de difícil comprensión.
- b) O recordatorio de que só o persoal directivo debe de respectar a dignidade da persoa.
- c) A explicación do procedemento formal de solución.
- d) A identificación, en cada unidade administrativa ou centro de traballo, do asesor ou asesora confidencial.

31.- Que sucede cando a luz pasa dun medio menos denso a un máis denso, como do aire ao vidro?

- a) A luz refracta, cambiando a súa dirección e velocidade.
- b) A luz dispérsase en diferentes lonxitudes de onda.
- c) A luz perde intensidade debido á absorción total no novo medio.
- d) A luz reflíctese completamente na superficie do novo medio.

32.- Que fenómeno óptico explica a aparición de cores nas pingas de choiva que forman un arco da vella?

- a) Difracción.
- b) Dispersión.
- c) Polarización.
- d) Reflexión total interna.

33.- Cal das seguintes é unha aberración óptica común nos obxectivos?

- a) Aberración focal, que axusta automaticamente o zoom do obxectivo.
- b) Aberración de dispersión, que reduce a cantidade de luz captada polo sensor.
- c) Aberración esférica, que converte as liñas rectas en curvas.
- d) Aberración cromática, que provoca que as cores non se enfoquen no mesmo punto.

34.- Que efecto ten un obxectivo cunha distancia focal curta?

- a) Amplía o ángulo de visión, capturando máis elementos no encadre.
- b) Reduce a profundidade de campo, enfocando só a un suxeito principal.
- c) Diminúe a cantidade de luz que entra no obxectivo, reducindo a luminosidade.
- d) Fai que os obxectos próximos se vexan máis pequenos e menos detallados.

35.- Que diferenza hai entre os números f e T nun obxectivo?

- a) O número f mide a apertura relativa do diafragma, mentres que o número T representa a transmisión real de luz a través do obxectivo.
- b) Ambos son sinónimos e representan a cantidade de luz captada polo obxectivo.
- c) O número f é exclusivo de obxectivos zoom, mentres que o número T utilízase en focais fixas.
- d) O número T é unha medida da profundidade de campo, mentres que o número f controla a velocidade de obturación.

36.- Que factor afecta directamente á profundidade de campo?

- a) Exclusivamente o ángulo de visión do obxectivo.
- b) A apertura do diafragma, a distancia focal e a distancia ao suxeito.
- c) A distancia focal e a cantidade de luz ambiente.
- d) Só a resolución do sensor afecta á profundidade de campo.

37.- Que fai un filtro polarizador en fotografía?

- a) Elimina reflexos e mellora o contraste, especialmente en superficies non metálicas.
- b) Incrementa a luminosidade da imaxe en condicións de pouca luz.
- c) Difumina o fondo para mellorar a profundidade de campo.
- d) Aumenta a saturación de cores ao cambiar a temperatura de cor da luz.

38.- Que tipo de filtro se utiliza para corrixir a temperatura de cor en situacións de luz mixta?

- a) Filtros correctores de cor (CTO ou CTB).
- b) Filtros de densidade neutra (ND).
- c) Filtros degradados.
- d) Filtros UV, que equilibran automaticamente as temperaturas de cor entre diferentes fontes de luz.

39.- Ao falar de "círculo de confusión" na formación da imaxe, referímonos a:

- a) A zona do obxectivo onde se produce o efecto de flare.
- b) O diámetro aparente dun punto fóra de foco, decisivo para definir a nitidez percibida.
- c) A zona periférica do sensor que non recibe luz.

- d) A área na imaxe onde as cores se mesturan debido á aberración cromática.
- 40.- Que diferenza clave existe entre o formato RAW e un arquivo comprimido?
- a) O formato RAW almacena os datos en bruto do sensor sen compresión nin procesamento.
  - b) Os arquivos RAW teñen menor calidade que os comprimidos debido ao seu menor tamaño.
  - c) Os arquivos comprimidos permiten maior flexibilidade na edición que os RAW.
  - d) O formato RAW inclúe efectos e axustes automáticos aplicados pola cámara, mentres que os arquivos comprimidos non.
- 41.- Que diferenza existe entre un filtro Bayer e un prisma dicróico?
- a) Ambos os sistemas cumpren exactamente a mesma función en diferentes tipos de cámaras.
  - b) O filtro Bayer utilízase en sensores únicos para captar as cores, mentres que o prisma dicróico úsase en cámaras con sensores separados.
  - c) O filtro Bayer é máis preciso na separación de cores que o prisma dicróico.
  - d) O prisma dicróico só se utiliza en cámaras fotográficas de consumo, mentres que o filtro Bayer é exclusivo de cámaras de cinema profesional.
- 42.- Cal é a principal función dos arquivos proxy na produción audiovisual?
- a) Almacenar os datos do sensor de maneira comprimida e con menor resolución para facilitar a edición.
  - b) Comprimir os datos finais do proxecto para o seu almacenamento e distribución.
  - c) Converter sinais analóxicos en dixitais durante o proceso de gravación.
  - d) Os arquivos proxy melloran a calidade dos vídeos orixinais ao aplicar correccións automáticas de cor e nitidez.
- 43.- Que determina a taxa de datos (bitrate) nun arquivo de vídeo?
- a) O número de fotogramas capturados por segundo (fps).
  - b) A profundidade de cor en bits por canle.
  - c) A resolución do vídeo determina directamente a taxa de datos sen depender doutros factores.
  - d) A cantidade de información procesada por segundo, expresada habitualmente en megabits por segundo (Mbps).
- 44.- Que caracteriza un sinal SDI fronte a un sinal HDMI?
- a) O sinal SDI é dixital e está deseñado para transmisión profesional con cables coaxiais, mentres que HDMI é para consumo doméstico.
  - b) O sinal HDMI permite maiores distancias de transmisión que o SDI.

- c) Ambos sinais teñen o mesmo propósito e funcionalidade, pero úsanse en equipos diferentes.
- d) O sinal SDI está limitado a vídeo analóxico, mentres que o HDMI é exclusivamente dixital.

45.- Por que se producen fenómenos como a posterización ou o pixelado na imaxe?

- a) Por unha compresión excesiva ou por unha profundidade de cor insuficiente, o que provoca saltos bruscos entre tons.
- b) Por un exceso de nitidez aplicado durante a gravación en RAW.
- c) Porque se utilizou unha velocidade de obturación moi alta na cámara.
- d) Porque o sensor da cámara non pode enfocar correctamente a luz, xerando patróns aleatorios na imaxe.

46.- Para que se utilizan os arquivos proxy na postproducción de vídeo?

- a) Para archivar de forma definitiva todo o material gravado en alta resolución.
- b) Para engadir automaticamente subtítulos e metadatos no arquivo final
- c) Para mellorar a calidade dos arquivos orixinais mediante un proceso de optimización automática.
- d) Para editar con arquivos de menor resolución e peso, facilitando un fluxo de traballo máis áxil e logo substituílos polos orixinais.

47.- Cal é unha característica importante dos soportes de gravación actuais (p. ex. tarxetas SD ou discos SSD)?

- a) Ofrecen maior velocidade de lectura/escritura e menor fragilidade que os soportes magnéticos (p. ex. cintas).
- b) Almacenan a información exclusivamente en formato comprimido para aforrar espazo.
- c) Non permiten a transferencia de grandes volumes de datos de maneira rápida.
- d) Os soportes de gravación actuais só poden usarse unha vez, xa que non permiten reescritura.

48.- Cal é a función principal do "código de tempo" (timecode) nunha gravación de vídeo?

- a) Engadir un cálculo visual na parte inferior da pantalla para guiar aos espectadores.
- b) Sincronizar os fotogramas de audio e vídeo, facilitando a localización exacta dun momento na edición.
- c) Regular a velocidade de fotogramas para evitar parpadeos ou entrelazados.
- d) O código de tempo axusta automaticamente o brillo e contraste do vídeo durante a gravación.

49.- Que significa a exploración entrelazada (interlaced) en vídeo?

- a) Todos os fotogramas mostran a totalidade das liñas da imaxe ao mesmo tempo.
- b) Grávanse diferentes resolucións no mesmo arquivo de vídeo para axustar a calidade.
- c) A exploración entrelazada utilízase exclusivamente en cámaras dixitais modernas para mellorar a calidade de imaxe en 4K.
- d) Cada fotograma divídese en dous campos: un de liñas pares e outro de liñas impares, reproducidas alternativamente.

50.- Que se entende polo nivel de negro no sinal de vídeo?

- a) A amplitude das frecuencias baixas no sinal de audio asociado ao vídeo.
- b) O valor de referencia para as partes escuras da imaxe, por baixo do cal se perde detalle en sombras.
- c) O estándar de calibración de branco máis brillante na imaxe.
- d) O nivel de negro determina o rango dinámico total da cámara nunha gravación.

51.- Que fai un prisma dicroico nunha cámara de vídeo?

- a) Filtra as lonxitudes de onda ultravioletas e permite captar só o espectro visible.
- b) Converte os sinais de vídeo analóxicos en dixitais.
- c) Divide a luz nas cores primarias (vermello, verde e azul) para a súa captación por sensores separados.
- d) Fusiona as cores primarias captadas polos sensores para xerar unha imaxe final en branco e negro.

52.- Cal é unha vantaxe chave da conexión a internet por Ethernet fronte a Wifi?

- a) Maior flexibilidade para conectar sen fíos múltiples dispositivos.
- b) Mellor cobertura en grandes áreas debido á tecnoloxía de ondas electromagnéticas.
- c) Maior velocidade máxima e menor latencia debido á conexión directa por cable.
- d) A conexión Ethernet permite que múltiples usuarios se conecten simultaneamente sen necesidade de cables adicionais.

53.- Que define unha conexión 5G en comparación con 4G?

- a) Unha redución significativa na latencia e maiores velocidades de transferencia de datos.
- b) Unha cobertura máis ampla pero con menor velocidade de conexión.
- c) Unha tecnoloxía exclusiva para dispositivos domésticos.
- d) As redes 5G están deseñadas para substituír completamente ás conexións Wifi en todas as contornas.

54.- Que función realiza a agregación de ancho de banda (bonding) nas mochilas de transmisión?

- a) Divide os datos en pequenos paquetes para enviar por unha única rede móbil.
- b) Combina múltiples conexións de rede para aumentar a capacidade de transmisión e a estabilidade.
- c) Prioriza a rede con menor latencia, ignorando as demais.
- d) Garante que os datos se envíen exclusivamente a través da rede máis rápida dispoñible.

55.- Que compoñente é esencial para garantir a conexión desde unha mochila de transmisión a unha estación receptora?

- a) Un transmisor e receptor configurados con direccións IP específicas.
- b) Un cable Ethernet conectado directamente a unha rede de datos fixa.
- c) Unha tarxeta gráfica que procese os sinais de vídeo.
- d) Un sintonizador de radiofrecuencia é necesario para garantir a conexión entre a mochila de transmisión e a estación receptora.

56.- Que é o APN (Access Point Name) en redes móbiles?

- a) Un protocolo que garante a transferencia de datos de alta velocidade en redes Ethernet.
- b) Unha tecnoloxía que asegura a estabilidade en conexións Wifi públicas.
- c) O identificador que conecta un dispositivo a unha rede específica do operador móbil para acceder a internet.
- d) O APN é un compoñente de hardware que debe instalarse fisicamente no dispositivo para acceder a internet móbil.

57.- Que protocolo se utiliza para a transferencia de arquivos desde un cliente a un servidor en redes?

- a) HTTP
- b) SMTP
- c) ARP
- d) FTP

58.- Que é o streaming dende unha cámara nun contexto técnico?

- a) A transferencia en tempo real de vídeo e audio dende unha cámara a unha plataforma ou servidor.
- b) A gravación e almacenamento de vídeo directamente na tarxeta de memoria da cámara.
- c) A conversión de sinais de vídeo en arquivos comprimidos para transferencia por USB.
- d) O streaming desde unha cámara require que todos os sinais de vídeo se convertan previamente en formato RAW antes de transmitirse.

59.- Que factor afecta máis á calidade e latencia no streaming en tempo real?

- a) A resolución da cámara utilizada para a transmisión.
- b) A velocidade de conexión e a estabilidade da rede utilizada.
- c) O tipo de micrófono conectado á cámara
- d) O tamaño do sensor da cámara determina directamente a calidade e latencia no streaming.

60.- Por que é importante ter en conta o retardo (latencia) nas conexións de banda ancha móbil?

- a) Porque unha latencia alta afecta á transmisión en directo (streaming) e ás videoconferencias, producindo atrasos ou cortes.
- b) Porque a latencia determina a potencia de saída da antena.
- c) Porque se non hai latencia a conexión vólvese máis inestable.
- d) Unha maior latencia nas conexións móbiles sempre aumenta a capacidade de transmisión de datos e mellora a velocidade de conexión.

61.- Que é a dirección IP (Internet Protocol) nunha conexión de datos?

- a) Un código numérico que indica a calidade do sinal.
- b) Un identificador único para cada dispositivo na rede que permite o encamiñamento dos datos.
- c) Un contrasinal que o usuario debe introducir para conectarse á rede.
- d) A dirección IP é un contrasinal que se utiliza para asegurar a conexión a internet.

62.- Que compoñente de rede é responsable de asignar direccións IP aos dispositivos conectados a unha rede?

- a) Un punto de acceso sen fíos (Wifi).
- b) Un servidor DNS.
- c) Un módem de cable.
- d) Un enrutador (router).

63.- Que é un filtro ND (filtro de densidade neutra) e para que se utiliza nunha cámara?

- a) Para reducir a luz que entra ao obxectivo sen alterar as cores ou o balance de brancos.
- b) Para aumentar a saturación das cores en escenas de baixa luz.
- c) Para equilibrar automaticamente o contraste da imaxe en gravacións nocturnas.
- d) Un filtro ND utilízase para enfocar automaticamente a imaxe cando hai pouca luz.

64.- Que sucede se aumentamos a ganancia nunha cámara de vídeo?

- a) Mellórase a calidade xeral da imaxe en calquera situación de luz.
- b) Incrementase a sensibilidade á luz pero tamén o nivel de ruído na imaxe.

- c) Redúcese o rango dinámico limitando os detalles nas sombras.
- d) Aumenta a ganancia, mellora sempre a calidade da imaxe ao eliminar o ruído.

65.- Que é o balance de brancos nunha cámara de vídeo?

- a) A configuración de brillo e contraste da imaxe en cámara.
- b) Axuste que corrixe as sombras para obter un negro puro na imaxe.
- c) Axusta o enfoque automático da cámara segundo as condicións de luz.
- d) Axuste manual ou automático para compensar a temperatura de cor da luz.

66.- Que característica define o modo de gravación "time-lapse"?

- a) Grava fotogramas a intervalos regulares, permitindo crear un efecto acelerado ao reproducir.
- b) Permite gravar en cámara lenta capturando a alta velocidade de fotogramas.
- c) Reduce a calidade do vídeo para optimizar o espazo de almacenamento.
- d) Grava continuamente á mesma velocidade de fotogramas e logo acelera a reprodución a través de software.

67.- Por que é importante sincronizar cámaras nunha gravación multicámara?

- a) Para evitar desaxustes de exposición en planos simultáneos.
- b) Para garantir que todas as cámaras graven á mesma velocidade de fotogramas e tempos.
- c) Para axustar automaticamente a profundidade de campo en todas as cámaras.
- d) Asegura que todas as cámaras utilicen o mesmo tipo de lente automaticamente.

68.- No control de exposición o obturador (shutter) encárgase de:

- a) Axustar automaticamente a temperatura de cor para compensar a iluminación.
- b) Cambiar a focal do obxectivo para achegar ou afastar o suxeito.
- c) Axustar automaticamente a exposición da imaxe cambiando o ISO.
- d) Determinar o tempo durante o cal o sensor está exposto á luz en cada fotograma, influíndo no desenfoque de movemento.

69.- Que axuda ao enfoque se adoita a utilizar en visores ou monitores para facilitar a precisión do foco?

- a) Focus peaking.
- b) Monocromo forzado que mostra a escena en branco e negro.
- c) Exposición automática que regula o iris segundo a luminosidade.
- d) Enfoque automático que axusta o foco en función da luminosidade da escena.



70.- Que efecto ten o axuste de "knee" na imaxe de vídeo?

- a) Axusta as cores primarias (RGB) para conseguir unha saturación uniforme.
- b) Controla como se comprimen as altas luces (highlights), evitando que as zonas moi brillantes se "queimen" en exceso.
- c) Aumenta a nitidez nos contornos escuros da imaxe.
- d) Mellora a saturación das cores nas sombras para dar un efecto máis dramático.

71.- Cal é a utilidade dos "arquivos de configuración" nunha cámara de vídeo profesional?

- a) Axustar unicamente os parámetros de audio na mestura estéreo.
- b) Almacenar e recuperar axustes de usuario (gamma, balance de brancos, detalle etc.) para aplicarlos rapidamente en diferentes sesións.
- c) Converter o formato de vídeo a un compatible con teléfonos móbiles.
- d) Axustar a resolución do vídeo en función do dispositivo de visualización.

72.- Que se entende por "pan" e "tilt" nos movementos de cámara?

- a) "Pan" é o xiro horizontal da cámara (esquerda-dereita) e "tilt" é o xiro vertical (arriba-abaxo).
- b) "Pan" é cando a cámara se despraza sobre un raíl cara a adiante, e "tilt" é cando se move cara atrás.
- c) "Pan" é o desprazamento vertical e "tilt" o movemento diagonal.
- d) "Pan" é un movemento da cámara que implica un cambio de posición física da cámara, mentres que "tilt" é só un axuste de enfoque.

73.- Que fenómeno acústico permite que o son rodee obstáculos na súa propagación?

- a) Reflexión, ao rebotar na superficie do obstáculo.
- b) Refracción, ao cambiar a súa velocidade no bordo do obstáculo.
- c) Interferencia, ao combinarse as ondas sonoras para evitar o obstáculo e propagarse ao redor del.
- d) Difracción, ao curvarse ao redor do obstáculo.

74.- Que relación existe entre a frecuencia e a lonxitude de onda nun medio homoxéneo?

- a) Son directamente proporcionais: se a frecuencia aumenta, a lonxitude de onda aumenta.
- b) Son inversamente proporcionais: se a frecuencia aumenta, a lonxitude de onda diminúe.

- c) Non teñen relación, xa que dependen de propiedades distintas do medio.
- d) Son directamente proporcionais: se a frecuencia aumenta, a lonxitude de onda aumenta, mantendo constante a velocidade da onda.

75.- Cal é unha característica fundamental do ruído rosa en comparación co ruído branco?

- a) Contén todas as frecuencias con igual intensidade, similar ao ruído branco.
- b) A intensidade diminúe 3 dB por oitava a medida que aumenta a frecuencia.
- c) Está composto unicamente por frecuencias graves.
- d) Contén todas as frecuencias, pero a intensidade aumenta 3 dB por oitava a medida que aumenta a frecuencia.

76.- Cal é a principal característica do conector XLR en aplicacións de audio profesional?

- a) É un conector balanceado que minimiza o ruído e as interferencias en sinais de audio.
- b) É un conector non balanceado usado principalmente para equipos domésticos.
- c) É un conector óptico deseñado para a transmisión de sinais dixitais.
- d) É un conector balanceado deseñado exclusivamente para sinais dixitais de alta fidelidade.

77.- Que sucede coa lonxitude de onda cando aumenta a frecuencia dun son, manténdose constante o medio de propagación?

- a) Permanece igual en todas as frecuencias.
- b) Diminúe de maneira inversamente proporcional á frecuencia.
- c) Aumenta na mesma proporción que a frecuencia.
- d) Permanece constante en todas as frecuencias porque a velocidade de propagación non cambia.

78.- A que se refire o "ruído" nun sinal de audio?

- a) Ao volume máximo que soporta un micrófono sen distorsión.
- b) A calquera compoñente non desexado no sinal que degrada a calidade do son.
- c) A un efecto de reverberación que potencia as frecuencias agudas.
- d) Ao volume mínimo que soporta un micrófono sen distorsión.

79.- Cal é a principal diferenza entre o nivel de micrófono e o nivel de liña?

- a) O nivel de micrófono ten maior potencia que o nivel de liña.
- b) O nivel de liña ten maior potencia e está deseñado para conectar equipos como mesturadores e amplificadores.
- c) Ambos os niveis teñen a mesma intensidade pero diferente impedancia.
- d) O nivel de micrófono só se utiliza en sistemas dixitais.

80.- Cal é o primeiro paso no proceso de gravación de son?

- a) Converter os sinais eléctricos en ondas sonoras.
- b) Editar os sinais dixitais para eliminar ruído.
- c) Amplificar o sinal para aumentar a intensidade do son.
- d) Capturar as ondas sonoras mediante un transdutor como un micrófono.

81.- Na síntese aditiva de cores, que sucede ao combinar as cores primarias (vermello, verde e azul) con igual intensidade?

- a) Obtense a luz branca.
- b) Obtense a luz negra.
- c) Xérase un ton complementario neutro.
- d) Obtense a luz maxenta.

82.- Que unidade se utiliza para medir a intensidade luminosa dunha fonte de luz?

- a) Lumen (lm).
- b) Candela (cd).
- c) Kelvin (K).
- d) Lux.

83.- Cal é unha característica principal dos proxectores fresnel en iluminación?

- a) Producen un feixe de luz uniforme e concentrado, adecuado para iluminar grandes áreas sen sombras definidas.
- b) Xeran sombras duras e ben definidas debido ao seu deseño sen lente.
- c) Son ideais para efectos de luz difusa e controlada mediante filtros ND.
- d) Producen un feixe de luz uniforme e concentrado, adecuado para iluminar áreas pequenas con sombras definidas.

84.- Cal é o propósito dun filtro polarizador en fotografía e iluminación?

- a) Reducir a temperatura de cor dunha fonte luminosa.
- b) Eliminar reflexos non desexados e aumentar o contraste en superficies reflectoras.
- c) Incrementar a intensidade luminosa para compensar exposicións curtas.
- d) Reducir os reflexos non desexados e diminuír a saturación das cores en superficies reflectoras.

85.- No "triángulo de luces" utilizado en iluminación básica, a "luz de recheo" (fill) serve para:

- a) Dar a intensidade principal da escena e definir as sombras.
- b) Diminuír a densidade das sombras creadas pola luz principal.
- c) Diminuír a densidade das sombras creadas pola luz de contra.
- d) Iluminar o fondo para separalo do suxeito.

86.- As dominantes de cor nunha iluminación poden producirse por:

- a) Exclusivamente pola apertura do diafragma.
- b) Tipo de lámpada ou fonte luminosa e a intensidade de luz que emite.
- c) Tipo de lámpada ou fonte luminosa e a temperatura de cor que emite.
- d) Uso dun trípode de chan con iluminación LED.

87.- Que caracteriza o estilo de iluminación "Rembrandt"?

- a) Unha iluminación uniforme sen sombras.
- b) A formación dun triángulo de luz nunha das fazulas do suxeito.
- c) Iluminación lateral para acentuar os contornos.
- d) Uso exclusivo de luz natural.

88.- Que técnica compositiva se basea en dividir a imaxe en terzos para situar os elementos chave nas interseccións das liñas?

- a) A regra dos terzos.
- b) A sección áurea.
- c) A regra dos quintos.
- d) A teoría do equilibrio dinámico.

89.- Que movemento de cámara consiste nun desprazamento físico horizontal, mantendo a cámara fixa nun soporte?

- a) Paneo.
- b) Travelling.
- c) Tracking panorámico.
- d) Tilt.

90.- Que aspecto define o ritmo visual nunha secuencia?

- a) A iluminación dos planos.
- b) A duración relativa dos planos e a frecuencia dos cortes.
- c) O uso de música e son ambiente.
- d) A combinación de cores predominantes nos planos.

91.- Cal das seguintes teorías da percepción visual explica a tendencia para agrupar elementos segundo a súa proximidade, semellanza ou peche?

- a) Teoría da Gestalt.
- b) Teoría da cor aditiva.

- c) Teoría do encadre sincrónico.
- d) Teoría da percepción harmónica.

92.- Cal destas afirmacións describe mellor o plano picado?

- a) A cámara sitúase por baixo do suxeito, transmitindo a autoridade do personaxe.
- b) A cámara sitúase xusto á altura da cintura, creando un plano medio curto.
- c) A cámara sitúase lixeiramente por encima do suxeito, transmitindo certo "enfraquecemento" ou vulnerabilidade.
- d) A cámara sitúase á altura dos ombreiros, enfocando lixeiramente cara arriba para transmitir neutralidade.

93.- Por que é importante respectar o "eixo da acción" (180°) nunha escena con dous personaxes dialogando?

- a) Para poder realizar un plano cenital sen distorsións.
- b) Para manter a coherencia espacial e non confundir a posición relativa dos personaxes a ollos do espectador.
- c) Para manter constante a dirección da iluminación durante a escena.
- d) Para asegurarse de que o enfoque manual non varíe durante a escena.

94.- Que diferenza hai entre un plano e unha escena en termos audiovisuais?

- a) Son sinónimos na linguaxe cinematográfica.
- b) A escena é a toma máis curta e o plano abarca todo o guión.
- c) Un plano é a toma continua da cámara entre dous cortes, mentres que unha escena reúne varios planos que comparten unidade de tempo e espazo.
- d) Un plano é a unidade narrativa máis grande, mentres que unha escena é calquera acción breve rexistrada pola cámara.

95.- Que son os "planos de recurso" ou "planos de corte" nunha realización audiovisual?

- a) Son tomas defectuosas que se descartan na edición final.
- b) Planos secundarios que mostran detalles ou reaccións e facilitan a continuidade ou o ritmo da secuencia.
- c) Tomas nas que só se capta o son ambiente sen imaxe.
- d) Planos alternativos que se gravan para usarse en caso de erros nos planos principais.

96.- Que función cumpren as imaxes de recurso na elaboración dunha noticia televisiva?

- a) Substitúen o uso de material principal para reducir custos de produción.
- b) Reforzan o contido principal, proporcionando contexto visual á información.
- c) Só se empregan en documentais e non en noticias diarias.

- d) Reforzan o contido principal, pero non se relacionan directamente coa información presentada.

97.- Que diferenza existe entre material esencial e accesorio nunha noticia televisiva?

- a) Material esencial transmite a información chave, mentres que o accesorio achega contexto ou detalles secundarios.
- b) Material accesorio inclúe as declaracións dos entrevistados, mentres que o esencial son unicamente as imaxes do feito.
- c) Material esencial é a base do guión, mentres que o accesorio son imaxes gravadas que non se inclúen na edición final.
- d) Non hai diferenza; ambos se consideran igual de importantes na edición final.

98.- Que caracteriza a unha noticia televisiva fronte a unha reportaxe?

- a) A reportaxe presenta só feitos breves e inmediatos, mentres que a noticia profunda no contexto.
- b) A noticia informa dun feito recente e concreto, mentres que a reportaxe investiga e profunda no tema, achegando contexto e testemuños detallados.
- c) Ambos son idénticos no seu tratamento e duración.
- d) A noticia ofrece análise en profundidade con entrevistas e testemuños, mentres que a reportaxe límitase a informar brevemente sobre un feito recente.

99.- Que é unha noticia en televisión?

- a) É un relato de feitos actuais, verificados e de interese xeral.
- b) É calquera contido audiovisual gravado sen importar a súa relevancia.
- c) É unha entrevista a un político para debater temas.
- d) É un resumo semanal dos eventos máis importantes.

100.- Que caracteriza unha entrevista en televisión?

- a) Diálogo estruturado entre entrevistador e entrevistado cun propósito informativo ou de opinión.
- b) Unha recompilación de datos estatísticos sobre un tema en particular.
- c) Unha gravación dun monólogo dun experto sobre un tema.
- d) Unha dramatización baseada nun feito real.

## PREGUNTAS DE RESERVA

### CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 144

R1.- Que atributo da cor se refire á súa pureza ou intensidade?

- a) Ton.
- b) Saturación.
- c) Brillo.
- d) Matiz.

R2.- Que transmite un plano picado en termos de narrativa visual?

- a) Reforza a autoridade e forza do suxeito no encadre.
- b) Suxire vulnerabilidade, debilidade ou submisión do suxeito.
- c) Neutraliza a percepción do espectador sobre o suxeito.
- d) Reforza a independencia e autonomía do suxeito no encadre.

R3.- Segundo o artigo 7 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia o trato desfavorable aos homes por razón da súa paternidade constitúe.

- a) Discriminación.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por razón de xénero.
- d) Acoso por razón de sexo.

R4.- Segundo o Convenio Colectivo da CRTVG (DOG nº 167, do 2 de setembro de 2015), a que nivel salarial pertence a categoría de Reporteiro/a Gráfico:

- a) Nivel 1.
- b) Nivel 2.
- c) Nivel 3.
- d) Nivel 4.